


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

17-18 de xuño do 2023

XI ORDINARIO A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas e na festa amigos*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe celebramos sabendo que Deus é un Deus que chama, un Deus que se achega, un Deus que conta con nós. Reunímonos no seu nome para compartir a fe, e a nosa resposta vai ser, como a dos discípulos, “aquí estamos Señor, podes contar con nós”, porque queremos facer crible o camiño do evanxeo.

Neste camiño, tanto para nós como para os discípulos, Xesús dá unhas instrucións moi concretas:

- \* Haberá que aliviar o sufrimento, humanizar a vida e facer medrar a liberdade e a fraternidade,
- \* Levarán o Evanxeo para dalo de balde,
- \* Terán que pregoalo cunha mensaxe de esperanza porque o Reino xa chega.

Se nós queremos de verdade ser discípulos de Xesús o primeiro que temos que facer é por en práctica estas recomendacións na nosa vida.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Somos hoxe nós os enviados a facer realidade o evanxeo. Xesús conta con nós, coas nosas palabras e sobre todo cos nosos feitos, pero as veces son outros os nosos camiños, por iso agora queremos pedir perdón:*

### Monitor/a

- Pedimos perdón por ter feito da fe un feixe de rutinas, que nada teñen que ver coa vida, e mesmo cremos que podemos ser crentes non practicantes.

*Cántase Señor ten piedade de nós*

- Pedimos perdón porque ás veces non estamos dispostos a renunciar a nada e facemos da vida un camiño cheo de egoísmos.

*Cántase Señor ten piedade de nós*

- Pedimos perdón porque na nosa vida ás veces funcionamos dende as apariencias e o que dirán, e non damos nin somos exemplo de coherencia.

*Cántase Señor ten piedade de nós*

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos conceda o Señor o perdón dos pecados, a todos nos abra os ollos ao Evanxeo e a todos por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos co sufrimento dos refuxiados, necesitados de paz, e coa satisfacción de saber que se conta e se pode contar coas nosas mans, como se contou coas dos discípulos*

*(Silenzo)*

**Celebrante:**

Deus, Noso Pai,  
miramos para o mundo e para a Igrexa de hoxe  
e descubrímoslos fráxiles,  
e necesitados de mans sanadoras.

Fainos merecentes da misión que nos encomendas,  
e dá remate, Ti, á obra das nosas mans.

Pedímoscho por Cristo, Noso Señor. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Escoitemos agora como a Palabra de Deus nos convida a facer da fe un camiño no que se pode contar coas nosas mans.*

*Na primeira lectura Moisés diranos que Deus nos quere coma o seu pobo.*

*No evanxeo Xesús necesita dos discípulos. Chámaos e envíaos a anunciar a Boa Nova do Reino.*

## LECTURA DO LIBRO DO ÉXODO

Naquel tempo, cando chegaron os fillos de Israel ao deserto do Sinaí, acamparon alí, ao pé do monte. Moisés subiu ao encontro de Deus, e o Señor chamouno desde a montaña, para mandarlle dicir aos descendentes de Xacob, comunicarlles aos israelitas:

- "Vistes como tratei aos exipcios, como vos levantei a vós sobre ás de aguia e vos acheguei a min. Se agora me obedecedes e gardades a miña alianza, seredes a miña propiedade escolleita entre todos os pobos, pois a terra é toda miña. Vós seredes para min un reino de sacerdotes, un pobo consagrado".

### Palabra do Señor



Ide e pregade

SALMO



## (en pé) Leccionario I A páx Mt 9, 36-10,8 EVANXEO PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, vendo Xesús a multitude, sentiu unha fonda compaixón por ela, porque estaban todos derreados e esmorecidos coma ovellas sen pastor. Entón díxolles aos discípulos:

- A anada é ben boa, pero os xornaleiros son poucos; así que rogádelle ao dono da colleita que mande xornaleiros.

E chamando aos doce discípulos, deulles poder para botaren os espíritos malos e curaren toda enfermidade e doenza. Estes son os nomes dos doce apóstolos: o primeiro Simón, chamado Pedro, e mais Andrés seu irmán, Santiago o do Zebedeo e mais Xoán seu irmán, Felipe e Bartolomeo, Tomé e Mateo, o recadador de impostos, Santiago o de Alfeo e mais Tadeo, Simón o Zelota e Xudas Iscariote.

A estes doce mandounos Xesús con estas instrucións:

- Non vaiades a terra de pagáns nin entredes en vilas de samaritanos; ide máis ben ás ovellas perdidas da casa de Israel. E mentres camiñades proclamade que xa chega o Reino dos Ceos. Curade enfermos, resucitade mortos, limpade gafos, botade os demos fóra. E xa que de balde recibistes, dade de balde tamén.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



## *Para pensar e ler a xeito de homilía*

*Xesús, que nos ensina hoxe?*

*\* Primeiro ensina a ter unha mirada fonda para toda a humanidade. El sente unha fonda compaixón con quen anda derreado e esmorecido. Nós, como miramos?.*

*\* O segundo que nos ensina hoxe Xesús é que El non ten que facelo todo. Precisa mans que estean dispostas a axudar. Conta cos doce apóstolos, e pode contar con nós.*

*\* O terceiro que nos ensina hoxe Xesús é que é tarefa de todos humanizar a vida compartindo á beira dos enfermos, loitando por facer as cousas un chisco menos mal.*

*\* O cuarto e último que nos ensina hoxe Xesús é que o Evanxeo é para dalo de balde, pois de balde o recibimos.*

## **PROFESIÓN DA FE**

***Celebrante*** *Neste encontro parroquial, escoitando a túa Palabra queremos comprometer nos dando resposta da nosa fe. Dicimos:*

**♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Monitor/a:***

***Credes en Deus,  
Pai e Nai de todos os homes e mulleres,  
que nos creou á súa imaxe e que nos convida a amar  
e a acoller dende a coherencia co evanxeo?***

**♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes en Xesucristo, noso irmán,  
que quixo compartir a vida sentíndose irmán con todos,  
especialmente cos máis derreados e esmorecidos?***

**♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes no Espírito de Deus,  
que nos dá forzas para camiñar no servizo aos demais,  
como demostraron os apóstolos cando Xesús os enviou  
a anunciar o Evanxeo?***

**♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes na Igrexa,  
comunidade na que todos somos necesarios para dar  
unha man e sermos exemplo de persoas cribles?***

**♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Oremos a Deus Pai, que se achega a nós e que nos convida a que como comunidade nos acordemos de cantos sofren. Oremos dicindo:*

**Señor acóllenos contigo**

**Monitor/a:**

- ✓ Polos homes, mulleres, nenos e nenas que sofren as consecuencias da falta de pan e de paz. Oremos
- ✓ Pedimos por todas as persoas que viven estes días dando unha man a cantos buscan dignidade sabéndose refuxiados. Oremos
- ✓ Pola nosa comunidade dos Cotos, para que sexa o compartir, e non o ter, o raseiro polo que medimos aos demais. Oremos
- ✓ Por todos nós, para que aprendamos que o amor e a solidariedade son desexo de Xesús para vencer as soidades, as desesperanzas e os fracasos. Oremos
- ✓ Polas persoas que teñen responsabilidades na vida da Igrexa, para que fagan crible o evanxeo na coherencia e na gratuidade, promovendo sempre a dignidade de todos, e facendo da terra a casa común. Oremos

**Celebrante:** *Escoitamos Pai as túas chamadas, escoita ti as oracións dos que en Ti confiamos. Por Xesucristo, noso Señor. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Dirixámonos agora ao Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amar, e con Xesús anunciémolo como aquel que nos chama e nos quere dando exemplo de evanxeo:*

**NOSO PAI ...**



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes nos feitos; con corazón de irmáns, na liberdade de procurar un mundo mellor, e na responsabilidade da fe, desexámonos o mellor na paz uns para os outros. Coma irmáns dámonos a paz.*

**Celebrante:** Deus Pai convidanos a camiñar con Cristo facendo da igrexa o fogar da comunidade que ten a responsabilidade de pregoar o evanxeo.

Ditosos nós que hoxe somos así convidados a compartir nesta mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **No colo da miña nai**

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, que o evanxeo que temos compartido, nos alente no esforzo por facer comunidade, nos anime a colaborar e nos encha de forzas para superar as dificultades.

Pedímolo por Cristo noso Señor. Amén

*A vida ten sabor a Evanxeo cando nos preocupamos da xente que hoxe vive derreada e esmorecida.*

*A vida ten sabor a Evanxeo cando respondemos á chamada que Deus nos fai para que coma discípulos deamos unha man ao proxecto de fraternidade de Xesús.*

*A vida ten sabor a Evanxeo cando damos unha man dende a gratuidade, facendo ben sen esperar nada a cambio.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

*Podémonos ir en paz*



*Xesús envía aos discípulos:  
"Ide e pregoade o evanxeo!"*

*Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe*